# *Prunus cerasifera* Ehrh., 1789

- abruñeiro dos xardíns, cerdeira xaponesa, ameixeira vermella
- ciruelo rojo/de Japón/japonés/mirobolán/mirobolano
- gereziondo apaingarria
- cirerer de jardí
- cherry plum
- ameixeira-mirabolano



**ESTADO DE CONSERVACIÓN**

EX ES CR EP VU CA **PM**

**EX**: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

| DIVISIÓN | CLASE | ORDE | FAMILIA | XÉNERO |
|---|---|---|---|---|
| **Magnoliophyta** | **Magnoliopsida** | **Rosales** | **Rosaceae** | ***Prunus*** |

## ORIXE

Asia.

## CARACTERÍSTICAS

Planta de porte arbóreo duns 6 m de altura. Tronco leñoso e erecto, codia agrisada, lisa cando é nova e algo fendida coa idade. As pólas novas son flexibles. Copa redondeada a oval, bastante densa. Follas alternas, simples, de forma ovado-elíptica, coa marxe serrada e de cor verde brillante ou púrpura. Flores brancas ou rosadas, solitarias ou en pequenos grupos, moi abundantes. Florece na primavera. Froito tipo drupa globosa, de cor amarela, vermella ou púrpura. Comestibles. Frutificación no verán.

## HÁBITAT

Habita bordos de camiños, sebes, xardíns, parques e zonas periurbanas. Crece preferiblemente en solos ben drenados, con exposicion ao sol ou semisombra. É resistente á seca moderada e á contaminación.

## DISTRIBUCIÓN

Orixinal do sueste de Europa e Asia occidental. Amplamente cultivado e naturalizado en Europa occidental e América. Na Península Ibérica é moi común como ornamental.

## CURIOSIDADES

Pode chegar a vivir 100 anos. O froito é comestible, empregado tradicionalmente en marmeladas e licores.